

## **ANÁLISE COMPARATIVO DOS PROGRAMAS DE INICIACIÓN PROFESIONAL FRONTE ÓS PROGRAMAS DE GARANTÍA SOCIAL**

María Julia Diz López\*

Universidade de Santiago de Compostela

### **RESUMO**

A Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro, de Calidade da Educación (LOCE) establece unha serie de cambios no sistema educativo español, entre os que atopamos unha nova estructura e regulación dos programas destinados a aquel alumnado que non acade os obxectivos da Educación Obrigatoria. No presente traballo faremos un análise das mudanzas que a nova lei traza fronte os Programas de Garantía Social que veñen desenvolvéndose na actualidade, subliñando as posibles consecuencias que se deriven das mesmas. Na comunidade educativa algúns destes cambios provocan debates enriquecedores que non debemos obviar e que dalgún xeito recollemos e trataremos de dar conta neste artigo.

**Palabras clave:** Inserción socio-laboral, Programas de garantía social, Programas de iniciación profesional, Orientación profesional.

### **ABSTRACT**

The Organic Law 10/2002, of 23 of December, of Quality of the Education (LOCE) establishes a series of changes in the educational system of Spain, among the ones that we emphasize a new structure and regulation of the programs destined the students that do not reach the objectives of the Obligatory Education. In this work we will do an analysis of the changes that the new law presents set against the Programs of Garantía Social that are developing currently, underlining the possible consequences that the same be derive from. In the Educational Community some of these changes cause you debate. We collect some in this article.

**Key words:** Occupational and social insertion, Garantía Social programs, Initiation professional programs, Vocational guidance.

### **INTRODUCCIÓN**

Da promulgación da LOCE o 24 de decembro de 2002 derívanse cambios substanciais no noso sistema educativo: novos itinerarios na educación secundaria, novo sistema de promoción, derogación dos Programas de Garantía Social que veñen a ser substituídos por programas de Iniciación Profesional, tema no que imos centrar o noso traballo, que suscitan o interese da comunidade educativa e da sociedade en xeral.

Segundo aparece recollido no art. 27.3 da Lei de Calidade da Educación “aqueles alumnos que, cumplidos os quince anos, e trala axeitada orientación educativa e profesional, opten

\* Depto. Métodos e Técnicas de Investigación en CC. do C. e da Educación

voluntariamente por non cursar ningún dos itinerarios ofrecidos, permanecerán escolarizados nun programa de iniciación profesional. Así mesmo, poderán incorporarse a ditos programas os alumnos con dezaseis anos cumplidos.” No mesmo artigo 27. 1 sinálase que estes programas “estarán integrados polos contidos curriculares esenciais da formación básica e por módulos profesionais asociados, cando menos, a unha cualificación do Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais a que se refire o artigo 7 da Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional. Esta formación, que terá unha estructura flexible de carácter modular, se impartirá en dous cursos académicos.”




Ilustración 1: Os programas de garantía social na LOXSE. Elaboración propia

## 1. ESTRUCTURA DOS PROGRAMAS DE INICIACIÓN PROFESIONAL NO NOVO MARCO EDUCATIVO

Se tivésemos que destacar a característica mais diferenciada destes programas con respecto o establecido no que denominamos sistema LOXSE, sinalaríamos o carácter de ensino regrado dentro do sistema que se lle dá ós novos programas de iniciación profesional. Nos seguintes cadros indicamos cómo estaban estructurados os Programas de Garantía Social e cómo quedan de os novos Programas Iniciación Profesional. Sen entrar a valorar aquí, outros aspectos da reforma educativa que tamén teñen un carácter novedoso.

Así pois, se os Programas de Garantía Social viñan constituíndo unha oferta formativa non regrada, pero que se impartían nos centros educativos e nos que tamén participaban outras instancias: administración local, institucións públicas e privadas sen ánimo de lucro, empresas, asociacións... o que lles outorgaba un importante papel social. En relación ós novos programas de iniciación profesional, no R.D. 831/203 recóllese que “As Administracións públicas promoverán a participación de outras institucións e entidades para o desenvolvemento destes programas” (art.11.3), quedando por determinar o grado de participación que se lles vai conceder para a

implantación dos mesmos. A estrutura que acadan os Programas de Iniciación Profesional dentro do novo sistema educativo é a seguinte:




Ilustración 2: Os programas de iniciación profesional na LOCE. Elaboración propia

## **2. ANÁLISE COMPARATIVA DOS PROGRAMAS DE INICIACIÓN PROFESIONAL FRONTE OS PROGRAMAS DE GARANTÍA SOCIAL.**

Á vista dos cadros presentados imos a deternos en cada un dos aspectos que para nós reflicten as diferencias más significativas entre estas dúas modalidades de formación, como son: a finalidade dos programas, as persoas destinatarias, a idade de acceso ós mesmos, a duración, os componentes formativos, a avaliación e certificación, e as saídas académicas e profesionais que se prevén ó finalizalos.

Para elo atenderemos á lexislación máis recente sobre a regulación dos Programas de Garantía Social, na nosa comunidade autónoma: a Resolución de 28 de abril de 2003, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, que regula o desenvolvemento dos mesmos nos centros públicos para o curso 2003-2004, así como, a Orde de 5 de maio de 1997, que regula os programas de garantía social na Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais contaremos coa referencia da lexislación estatal: LOXSE (art. 23 e 63) e Real Decreto 1345/91 de 6 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria.

Con respecto ós novos programas de iniciación profesional a lexislación consultada é a seguinte: Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro de Calidade da Educación; Real Decreto 831/2003, de 27 de xuño, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns da Educación Secundaria Obrigatoria; Real Decreto 827/2003, de 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei Orgánica de 10/2002, de 23 de decembro, de Calidade da Educación; e Corrección de errores do Real Decreto 827/2003, de 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo.

a) *Finalidade dos programas*

Os Programas de Garantía Social teñen coma finalidade “proporcionar unha formación básica e profesional” para o alumnado que non acade os obxectivos da ESO, “que lle permita incorporarse á vida activa ou proseguí-los seus estudos nas distintas ensinanzas...especialmente, na formación profesional específica de grao medio”(art. 23.2-3 da LOXSE). No punto segundo da Orde de 5 de maio de 1997 pola que se regulan os programas de garantía social en Galicia, sinálanse os obxectivos dos mesmos:

- a) “Desenvolver e afianza-la madureza persoal mediante a adquisición de hábitos e capacidades que lles permitan participar, como persoas responsables no traballo e na actividade social e cultural.
- b) Desenvolve-las actitudes e dotalos dos recursos e da orientación necesarios para a busca dun posto de traballo e/ou para o autoemprego.
- c) Amplía-la súa formación co obxecto de adquirir coñecementos e capacidades propios do ensino básico, co obxecto de permiti-la súa incorporación á vida activa e, se é o caso, proseguir estudos, especialmente na formación profesional específica de grao medio.”

No Real Decreto 831/2003, polo que se establece a ordenación xeral e as ensinanzas comúns da Educación Secundaria Obrigatoria, no seu art. 10.3, recóllese que “Os programas de iniciación profesional teñen como finalidade fomentar nos alumnos as capacidades necesarias que lles permitan continuar seus estudos ou, no seu caso, a inserción laboral. Para elo, estes programas terán con carácter xeral os seguintes obxectivos:

- a) Adquirir as capacidades básicas da etapa.
- b) Desenvolve-las habilidades e destrezas necesarias para desempeñar un posto de traballo no que sexa necesaria unha cualificación básica nun campo profesional determinado.”

As capacidades a desenvolver na Educación Secundaria Obrigatoria serán o marco de referencia para a formación básica dos Programas de Iniciación Profesional (art.27, punto 2), o que ven a enlazar co carácter compensatorio e propedéutico, a súa finalidade última é compensa-las deficiencias na formación do alumnado e preparalo para a posterior integración no mundo laboral ou a incorporación a estudos no propio sistema educativo, accedendo ós Ciclos Formativos de Grao Medio ou Bacharelato.

b) *Destinatarios e idade de acceso*

A Resolución de 28 de abril de 2003, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, que regula o desenvolvemento dos programas de Garantía Social nos centros públicos de Galicia para o Curso 2003-2004, punto primeiro, sinala que “poderán acceder ós programas de garantía social as persoas menores de 21 anos que, polo menos cumpran 16 anos no ano natural en que inicien o programa e se atopen nalgúnha das seguintes condicións:

- a) Estaren escolarizadas no segundo ciclo da educación secundaria obrigatoria e, tendo accedido a un programa de diversificación curricular, a xuízo do equipo educativo que os atende, non estar en condicións de acada-los obxectivos da etapa por esa vía. Excepcionalmente, tamén poderá accede-lo alumnado ó que non lle fora posible cursar

un programa de diversificación curricular e se atope, a xuízo do equipo educativo, en grave risco de abandono escolar.

- b) Estar desescolarizadas e non posúiren titulación académica superior á de graduado escolar ou, tendo acadada esa titulación, carecer do título de formación profesional de primeiro grao.
- c) Teren unha oferta dunha empresa para un contrato de formación.”

Pola súa parte, con carácter xeral os programas de Iniciación Profesional están previstos para aquelas persoas que non acadan os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria, sen embargo contémplase a incorporación a eles de alumnado de 15 anos, que aínda non rematou o período de escolaridade obrigatoria (segundo se sinala no punto 3 do art. 27 da LOCE) “trala axeitada orientación educativa e profesional, que opten voluntariamente por non cursar ningún dos itinerarios ofrecidos”. Esta nova característica constitúe un termo diferenciado con respecto ó planeamento da LOXSE, na que se accedía ós Programas de Garantía Social ós dezaseis anos, idade na que remata o período de escolaridade obrigatoria.

Así se recolle tamén no art. 10.2 do Real Decreto que establece as ensinanzas comúns da Educación Secundaria Obrigatoria que di: “Os programas de iniciación profesional estarán destinados a os alumnos de 16 anos que desexen incorporarse a eles e que, a xuízo do equipo de evaluación, poidan obter por esta vía o Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. Tamén se incorporarán a ditos programas os alumnos de 15 anos que, trala axeitada orientación educativa e profesional, non desexen cursar ningún dos itinerarios ofrecidos e aqueles alumnos a quen lle sexa de aplicación o artigo 15.3”, no que se sinala que *cada curso só se podrá repetir unha vez*, polo que os/as alumnos/as de 15 anos, que despois de repetir non reúnan os requisitos para promocionar poderán ser dirixidos a un programa de iniciación profesional.

### *c) Duración e componentes formativos*

Co fin de responder á súa dobre finalidade de inserción laboral e de reinserción educativa, os PGS desenvólvense en dúas modalidades básicas: programas de formación educativa e profesional (FEP) que se desenvolven integralmente nun centro educativo, e programas de iniciación profesional (PIP) nos que a área de formación básica se desenvolve nun centro educativo e a de formación profesional específica realiza en colaboración con entidades públicas e privadas.

Os PGS véñense estructurando arredor de dous componentes formativos obligatorios para todos eles: a formación básica e a capacitación profesional. O deseño curricular da capacitación profesional vai encamiñado á consecución do nivel básico de capacitación profesional en sectores de emprego que ofrezan perspectivas de inserción laboral e que estean conectados coas familias profesionais da Formación Profesional Específica, o que facilitará ós alumnos que o desexen acceder ós ciclos formativos de grao medio, trala superación da proba correspondente. Os PGS estructúranse nas seguintes áreas:

- a) *Área de formación profesional específica*, que ten coma finalidade prepara-lo alumnado para a súa incorporación á vida activa e comprende aquellas actividades prácticas e coñecementos necesarios, que se relacionan coas capacidades precisas para desempeñar unha profesión que non requira a cualificación de técnico ou equivalente.

- b) *Área de formación e orientación laboral*, encamiñada a familiariza-lo alumnado co marco legal no que se insiren as condición de traballo e as relacións laborais, e dotalo da orientación e dos recursos necesarios para a busca de emprego ou establecerse por conta propia.
- c) *Área de formación básica*, que constitúe un contido transversal no PGS, e como tal é tratada arredor do resto das áreas. Versa encol dos contidos instrumentais e as capacidades xerais básicas: desenvolvemento lingüístico, cálculo e resolución de problemas, así como aquellas capacidades relacionadas coa área de formación profesional que se traballe no programa.
- d) *Actividades complementarias*, que teñen coma finalidade promover un emprego axeitado do lecer, contribuíndo ó desenvolvemento das capacidades de autocoñecemento, relación social, consecución dunha vida san, implicando ó alumnado na realización de actividades deportivas e culturais.
- e) *A acción titorial*, como un conxunto de accións educativas que se deseñan e realizan para favorecer no alumno a aprendizaxe, a integración de coñecementos e experiencias, a socialización, a toma de decisión e o desenvolvemento da súa personalidade.

A súa duración é variable, por norma xeral desenvólvense ó longo dun curso académico, oscilando entre as 800 e as 1000 horas para Galicia, posto que este aspecto é diferente nas distintas comunidades do estado.

Con respecto ós novos Programas de Iniciación Profesional segundo se establece no art. 27.1 da LOCE, acadarán unha estructura flexible e modular cunha duración de dous cursos académicos e contemplan un período de formación en centros de traballo no 2º ano. Os compoñentes formativos dos mesmos establecidos no Real Decreto 831/2003 de ensinanzas comúns da Educación Secundaria Obrigatoria son:

- *Formación básica*, integrada polos seguintes ámbitos de coñecemento: Social e Lingüístico; Científico e Matemático; Lingua Estranxeira; Educación Física e Sociedade, Cultura e Relixión.
- *Formación Profesional específica*, integrada por módulos profesionais asociados a unha cualificación do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais que inclúe o período de formación en centros de traballo no 2º curso.

Á falta da lexislación de desenvolvemento destes programas non podemos aclarar mais sobre as posibles modalidades dos mesmos, pero o que si queda bastante claro é que permanecen como ensino regrado, dentro do sistema, en contraposición co que viña sucedendo nos programas de garantía social, que eran considerados ensino non regrado. En relación a isto na disposición transitoria primeira do anteriormente citado real decreto, establecese que “a denominación e os contidos dos módulos dos programas de iniciación profesional gardarán relación cos dos ciclos formativos de grado medio da familia profesional correspondente”.

#### *d) Avaliación e Certificación*

Na Resolución de 28 de abril de 2003, punto oitavo indícase que “a avaliación do alumnado que participe en programas de garantía social, en calquera das súas modalidades, será continua,

individualizada e integradora, coa finalidade de detecta-las dificultades no momento en que se produzán, investiga-las súas causas e adopta-las medidas correctoras oportunas". Para o alumnado con necesidades educativas especiais tomarase como referencia básica os criterios establecidos na adaptación curricular correspondente. Con relación o proceso avaliativo dos programas de iniciación profesional non se especifica nada na lexislación actual.

Ó remate dun programa de garantía social o alumnado recibe unha certificación acreditativa na que se fan consta-las áreas e un resumo dos contidos que as integran, as cualificacións obtidas e o número de horas destinadas a cada unha delas. A certificación vai acompañada dunha orientación sobre o futuro académico e profesional do alumno de carácter confidencial e non ten valor prescriptivo. A superación do programa permítelles as persoas interesadas concorrer á proba de acceso a ciclos formativos de grao medio e ás probas para a obtención do título de técnico auxiliar, así coma as probas libres para a obtención do título de graduado en educación secundaria.

Pola súa parte está previsto que a superación dun programa de Iniciación Profesional dará dereito a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (art. 31.2 da LOCE). Os módulos de carácter profesional serán acreditados conforme o Sistema Nacional de Cualificacións e os alumnos/as que ademais superen o total dos módulos profesionais poderán acceder á Formación Profesional de Grado Medio, quedando exentas da realización da parte práctica da proba prevista para tódalas persoas que non acaden o Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (art. 12 do R.D. 831/2003).

Este aspecto dos efectos da superación dun programa de iniciación profesional é quizais o mais novidoso, posto que lles dá un recoñecemento que facilita ás persoas que o superen a posterior realización de estudos de bacharelato ou formación profesional sen necesidade de realizar proba de acceso, o que sen dúbida pode ser un logro importante.

Outro punto relacionado coa incorporación e ligazón exclusiva destes programas dentro do sistema educativo é o da súa posible repercusión a nivel comunitario. Se entendemos estes programas como accións facilitadoras da inserción sociolaboral das persoas mozas mais desfavorecidas (Redondo Rojo, 1999), estas intervencións teñen que estar enmarcadas nun ámbito de traballo comunitario no que a comunidade se converte no espacio facilitador e impulsor da inserción social e laboral das mesmas, copartícipe e corresponsable desta tarefa. Isto supón transferir poder (dar poder) ós implicados/as na toma de decisións e facelos artífices do seu proceso de inserción, donos/as da súa vida, que en definitiva, é o que son, e respectados/as nas súas necesidades e deseños.

### **3. RESUMO CADRO COMPARATIVO**

Dos aspectos recollidos no noso traballo consideramos como características mais salientables a destacar nunha e noutra modalidade de programas, as seguintes:

LOXSE: PROGRAMAS DE GARANTÍA SOCIAL		LOCE: PROGRAMAS DE INICIACIÓN PROFESIONAL
Proporcionar formación básica e profesional para o alumnado que non acade os obxectivos da ESO, que lle permita incorporarse á vida activa ou proseguir estudos, especialmente na formación profesional específica de grao medio.	FINALIDADE	Fomentar nos alumnos as capacidades necesarias que lles permitan continuar seus estudos ou, no seu caso, a inserción laboral.
Ensinanzas non regadas: distintas modalidades. Flexibilidade.	CARACTERÍSTICAS	Ensinanzas regadas.
Alumnado que non acade os obxectivos da ESO.	DESTINATARIOS/AS	Alumnado que non acade os obxectivos da ESO
16 anos. Finalizado o período de escolaridade obrigatoria. Menores de 21 anos.	IDADE DE ACCESO	16 ou 15 anos para o alumnado que non curse os itinerarios. Alumnado de 15 anos ó que se lle aplique o art. 15.3.
Variable segundo modalidades e territorios: Galicia 800-1000 h.	DURACIÓN	Dous cursos académicos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formación básica: contidos instrumentais.</li> <li>• Formación profesional modular.</li> <li>• Orientación profesional.</li> <li>• Actividades complementarias.</li> <li>• Titoría.</li> </ul>	COMPOÑENTES FORMATIVOS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formación básica: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ámbito social e lingüístico</li> <li>- Ámbito científico e matemático</li> <li>- Lingua estranxeira</li> <li>- Educación física</li> <li>- Sociedade, cultura e relixión</li> </ul> </li> <li>• Formación profesional modular</li> </ul>
Continua, individualizada e integradora	AVALIACIÓN	Continua e diferenciada segundo as distintas disciplinas, ámbitos e módulos do currículo (Av. en ESO)
Certificado con horas cursadas e cualificacións obtidas	CERTIFICACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Título de graduado en ESO, superando o programa.</li> <li>• Certificación profesional correspondente ó sistema nacional de cualificacións</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Acceso ó mundo laboral</li> <li>• Mediante proba ós ciclos formativos de grado medio</li> </ul>	SAÍDAS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Superando o programa: título de graduado en ESO que dá acceso ó bacharelato e ós ciclos formativos de grado medio.</li> <li>• Acceso mediante proba a ciclos formativos de grado medio (exención da parte específica).</li> <li>• Mundo laboral con certificación de cualificación profesional.</li> </ul>

Ilustración 3: Cadro comparativo PGS/PIP. Elaboración propia.

#### 4. CONCLUSÓNS

A implantación dos Programas de Iniciación Profesional estaba prevista para o curso 2004-2005 no Real Decreto 827/2003 que establecía o calendario de aplicación da LOCE. Este calendario foi modificado posteriormente polo Real Decreto 1318/2004, de 28 de maio, polo que se contempla o aprazamento destas medidas para o curso 2006-2007, no que se iniciaría o primeiro ano destes programas, e para o 2007-2008, comezaría a cursarse o segundo. Simultaneamente deixarían de impartirse os Programas de Garantía Social.

Salientar simplemente que os novos Programas de Iniciación Profesional poden constituir un recurso educativo, social e económico, moi válido e necesario, que ademais contribuiría á consecución dun dereito fundamental: proporcionar ás mozas e mozos desqualificados e desfavorecidos, unha vía para acadar a formación básica e profesional, que lles permita incorporarse á vida activa social ou continuar estudos.

En todo caso, parécenos conveniente sinalar a necesidade de que se atenda e potencie a orientación educativa e profesional desde estes programas, tendo en conta as características dos destinatarios e fomentando as relacións co entrabado económico e social. Neste sentido, consideramos de gran importancia dar a coñece-los programas ós sectores empresariais, e levar a cabo a elaboración de perfís profesionais con saídas reais. Tamén constituiría unha recomendación útil a planificación de programas integrais, enxeridos en iniciativas comunitarias más amplas (de economía social, viveiros de empresas, planos de desenvolvemento local, fomento de cooperativismo asociativo) que se desenvolvan a escala rexional. Nesta liña de actuación estaría a promoción de estructuras de coordinación entre as entidades e institucións que participen na impulso de Programas de Iniciación Profesional, facilitando a creación de equipos estables de profesionais que poidan realizar unha planificación axeitada a medio prazo, das intervencións e das inversións.

Finalmente, queremos recolle-lo importantísimo asunto da formación do profesorado, coincidimos co que xa se sinalou noutros lugares para os Programas de Garantía Social “Os profesionais destinados a estes programas deben ter unha formación especializada e axeitada ás necesidades específicas que presenta este alumnado” (León, Fernández, e Segovia, 2003), polo que se deberían propiciar procesos de formación e información para os docentes, tanto dos centros educativos como das entidades colaboradoras, incentivando a coordinación e intercambio de experiencias. Serían temas importantes: perfil profesional, orientación laboral, función titorial, metodoloxía, diversificación curricular, psicoloxía e socioloxía do alumnado, avaliación e programación (León e outros, 2003).

#### BIBLIOGRAFÍA

- APARISI, J. (1998). *El desarrollo psicosocial en el contexto educativo de los programas de garantía social*. Valencia: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Valencia.
- JOVER, D. e MÁRQUEZ, F. (1998). *Formación, inserción y empleo juvenil. Apuntes de una experiencia*. Madrid: Editorial Popular.
- LEÓN GUERRERO, M. J., FERNÁNDEZ CRUZ, M. e SEGOVIA, J. D. (2003). El hoy y el mañana de los programas de Garantía Social. *Bordón*, 55 (I), 93-102.

**XUNTA DE GALICIA (1999).** *Perfís profesionais de programas de garantía social.* Santiago: Autor.

**REDONDO ROJO, J. (1999).** *Fundamentos y pautas para elaborar programas de garantía social.* Bilbao: Ediciones Mensajero.

## TEXTOS LEGAIS

**Ley Orgánica 1/1990**, de Ordenación Geral del Sistema Educativo, de 3 de octubre de 1990. (BOE 4-10-90).

**Ley Orgánica 5/2002**, de 19 de junio, de las Cualificaciones y de la Formación Profesional. (BOE 20-06-02).

**Ley Orgánica 10/2002**, de 23 de diciembre, de Calidad de la Educación. (BOE 24-12-02).

**Real Decreto 1345/91**, de 6 de setiembre, por el que se establece el currículo de la Educación Secundaria Obligatoria. (BOE 13-09-91).

**Real Decreto 827/2003**, de 27 de junio, por el que se establece el calendario de aplicación de la nueva ordenación del sistema educativo. (BOE 2-07-03).

**Corrección de errores del Real Decreto 827/2003**, de 27 de junio, por el que se establece el calendario de aplicación de la nueva ordenación del sistema educativo. (BOE 2-07-03).

**Real Decreto 831/2003**, de 27 de junio, por el que se establece a ordenación general y las enseñanzas comunes de la Educación Secundaria Obligatoria. (BOE 3-06-03).

**Real Decreto 1318/2004**, de 28 de maio, polo que se modifica o Real Decreto 827/2003, de 27 de xuño. (BOE 29-05-04).

**Orden del 12 de enero de 1993**, del Ministerio de Educación y Ciencia, por la que se regulan los Programas de Garantía Social durante el período de implantación anticipada del Segundo Ciclo de la Educación Secundaria Obligatoria. (BOE 19-01-93).

**Orde de 5 de maio de 1997**, pola que se regulan os programas de garantía social na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 29-05-97).

**Resolución de 28 de abril de 2003**, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais. (DOG 8-05-03).